LSS-2022/0002 - 003/00

AENOR certifica que la organización

PLANTA DE CLASIFICACIÓN DE ENVASES LIGEROS DE SOGAMA

aplica la norma Organizaciones con Lean y/o Six Sigma implantado
amparado por el alcance y validez del certificado principal LSS-2022/0002

para las actividades:
Servicios en la gestión de residuos industriales y en plantas e instalaciones de tratamiento de residuos, donde se ha utilizado la metodología lean a nivel nacional para las herramientas Lean: 6S, KAIZEN, Matriz de Polivalencia, Planificador/Paneles Visuales y seguimiento KPI.

que se realizan en:
MORZÓS, 10 AS ENCROBAS. 15187 - CERCEDA (A CORUÑA)

Primer emisión: 2024-01-31 Última emisión: 2024-01-31
Expiración: 2025-03-16



Rafael GARCÍA MEIRO
CEO

AENOR CONFIA S.A.U.
Génova, 6. 28004 Madrid. España
Tel. 91 432 60 00 - www.aenor.com

Volver á portada



Actualidade



O presidente de Sogama, no centro, amosa a imaxe da campaña.

Sogama reforza o programa de recollida selectiva de residuos nas propias dependencias do Complexo Medioambiental de Cerceda

Na procura de maior implicación do seu persoal na reciclaxe, Sogama activou a iniciativa "Aquí hai que facelo ben para que fóra se faga ben". Dispuxérónse para esta fin seis illas de reciclaxe, complementadas pola recollida específica da materia orgánica nos comedores para a súa posterior compostaxe

Sogama lanzou unha campaña interna que busca maior implicación do persoal na reciclaxe dentro do Complexo Medioambiental de Cerceda baixo o lema "Aquí hai que facelo ben para que fóra se faga ben". A iniciativa toma a forma de carteis, trípticos e vídeo, e foi dada a coñecer polo presidente da Sociedade, Javier Domínguez Lino. A pretensión última é que o persoal adscrito a esta infraestrutura sexa un referente nas boas prácticas

ambientais, dentro e fóra da mesma. Para isto, a empresa dispuxo, en puntos estratégicos do Complexo, seis illas de reciclaxe, ademais de habilitar unha recollida específica, mediante cubos, da materia orgánica producida nos comedores, da que se encarga o servizo de xardinería para que sexa compostada e utilizada de novo, como abono natural, nos propios xardíns e terreos do Complexo.

Cada illa está conformada por tres contedores (azul, amarelo e xenérico), nos que o cadre de persoal debe depositar, de forma diferenciada, os refugallos producidos ao longo da súa xornada laboral. O iglú verde, destinado á recollida de vidro, non se inclúe no plan de acción ao non xerar este tipo de residuo nas instalacións, áfina que se contempla nos recursos didácticos.



Actualidade



Guía didáctica para axudar aos cidadáns a reducir o desperdicio alimentario

Sogama lanzou unha guía didáctica baixo o título "Faite responsable da túa cesta" con recomendacións orientadas ás familias para diminuir a cantidade de comida que acaba no cubo de lixo



No marco da Semana Europea da Prevención de Residuos, Sogama lanzou a [guía didáctica "Faite responsable da túa cesta"](#), coa que pretende deixar constancia do impacto ambiental, económico, social e moral que ten tirar comida ao contedor do lixo.

Aínda que o desperdicio alimentario ten lugar desde a producción ata o consumo, o fogar concentra a maior porcentaxe: un 60%. Con esta campaña, Sogama busca contextualizar a problemática a nivel mundial e presenta cifras que convidan á

reflexión, ademais de achegar unha serie de recomendacións orientadas ás familias nas que tamén contempla valorización da parte non comestible dos alimentos a través da compostaxe doméstica e industrial, sendo estas excelentes alternativas para transformala en abono natural, con importantes propiedades fertilizantes para o solo. A guía incide en que desperdiciar un alimento é desperdiciar os recursos e traballo investidos no seu cultivo, transporte, envasado e comercialización.

A día de hoxe, un total de 474 entidades están adscritas ao programa de autocompostaxe de Sogama, tendo repartido máis de 22.700 composteiros.

En relación á compostaxe industrial, a Xunta, a través de Sogama, puxo en marcha unha rede de infraestruturas conformada por 4 plantas de biorresiduos e 13 plantas de transferencia de apoio para a valorización da fracción orgánica. Así, a totalidade dos concellos adheridos a Sogama dispoñen dunha destas instalacións a menos de 50 km de distancia.

[⊗ Volver á portada](#)



Actualidade



Sogama acolle o acto de entrega de acreditacións das “Unidades de Competencia” a máis de 30 traballadores da planta de clasificación de envases

Logo dun período de formación, acceden a titulacións integradas na formación dual e expedidas pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional



Foto de familia cos asistentes á entrega de acreditacións.

A sede de Sogama en Cerceda foi o escenario elixido para o acto de entrega das denominadas “Unidades de Competencia” a máis dunha trentena de traballadores/as da planta de clasificación de envases lixeiros.

O evento contou coa participación do presidente de Sogama, Javier Domínguez, a subdirectora xeral de Innovación Profesional e Coordinación co Sistema Productivo da Xunta de Galicia, Cristina Lesta Íñiguez, e a delegada de PreZero en Galicia e Asturias, Mari Luz Rivas. Este recoñecemento permitirá aos

traballadores, logo dun período de formación, acceder a titulacións integradas na formación dual e expedidas pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional. Domínguez sublinhou que “o maior potencial que pode atesourar unha empresa é a preparación, a solvencia e as altas competencias do seu equipo humano”. Ademais de agradecer a extraordinaria implicación nesta iniciativa por parte de PreZero, empresa xestora da planta de clasificación, e a Xunta de

Galicia, tamén tivo palabras de agradecemento para esas persoas que, de forma silenciosa, estiveron asesorando, colaborando e motivando en todo momento para que este sistema pionero de formación e avaliación de habilidades chegase a bo porto. O máximo responsable de Sogama culminou o acto incidindo en que “a ilusión e a capacidade de superación é o que fai grandes ás organizacións”, e animou ao persoal a seguir formándose para gañar en autoestima, seguridade e competitividade.



Actualidade



A educación ambiental no sistema Sogama, unha decidida contribución á economía circular en Galicia

A través do seu programa de visitas, polo que xa pasaron máis de 84.000 persoas, así como mediante diferentes actividades e plataformas de sensibilización, a empresa pública leva a cabo unha interesante tarefa de formación e concienciación social na xestión sostible dos residuos municipais



A formación e sensibilización na xestión sostible dos residuos municipais foi sempre unha prioridade para Sogama, converténdose, a día de hoxe, nun pilar esencial do seu labor. Sogama non só dará continuidade ás súas accións de educación ambiental, senón que as reforzará para que os 295 concellos que utilizan os seus servizos poidan beneficiarse das mesmas. Así, e coincidindo co inicio do curso académico 2024-2025, a compañía abriu o seu programa de visitas ao Complexo Medioambiental de Cerceda, polo que xa pasaron máis de 84.000 persoas. Co apoio dun

equipo educativo especializado, a empresa pública mostra, desde a máxima transparencia e rigor, a súa operativa industrial e de xestión a fin de que os colectivos que así o desxeren poidan coñecela en primeira persoa. Adicionalmente, a edición número 13 do programa educativo "[Recíclate con Sogama](#)", cuxo obxectivo é implantar a recollida selectiva de residuos nas aulas, implantarase este curso académica en centros de primaria, ESO e FP básica. Xa participaron no mesmo 45.500 alumnos e preto de 2.300 docentes. De forma adicional, a plataforma educativa Caderno Verde

[www.cadernoverde.gal](#), incluirá novos contidos interactivos e temáticas de interese para seguir traballar a educación ambiental na casa e no colexió. Pola súa banda, o [buscador de residuos "Onde vai"](#) permite consultar o contedor ou punto de destino dun determinado residuo, reducindo o risco de erro e resolvendo dúbidas sobre a correcta selección dos refugallos. Cursos e sesiós formativas, ademais de talleres e outras campañas, complementan o plan de educación ambiental de Sogama, caracterizado pola súa contribución á economía circular.



Actualidade



Imaxe promocional da nova campaña do programa "Recíclate con Sogama".

O programa educativo “Recíclate con Sogama” chega por primeira vez aos centros galegos de Formación Profesional

A 13ª edición do programa “Recíclate con Sogama” engade a Formación Profesional Básica ao seu público obxectivo. Centros escolares de primaria, secundaria e agora de PF básica participan na tempada 2024-2025

Canalizado a través do Plan Proxecta da Xunta de Galicia, [o programa educativo “Recíclate con Sogama”](#) adéntrase na súa 13ª edición co obxectivo de seguir formando e concienciando á comunidade educativa na xestión sostible dos residuos urbanos.

Tras 12 edicións centrado fundamentalmente nos centros escolares de primaria e, puntualmente, nos de secundaria, a iniciativa chega, na tempada 2024-2025, á Formación Profesional Básica. Coa apertura a novos públicos, preténdese evolucionar e dar resposta aos moitos mozos e docentes que queren aprender a ser

máis sostibles a través da correcta xestión dos residuos urbanos. Sogama xa proporcionou aos 28 centros participantes de toda Galicia os medios materiais e didácticos necesarios para que poidan levar a cabo os seus proxectos. Destacan, entre os primeiros, as illas de reciclaxe, conformadas cada unha por catro contedores de recollida selectiva, con capacidade para 120 litros (amarelo, azul, marrón e xenérico, para a fracción resto), e, entre os segundos, carteis, guías didácticas para o profesorado e presentacións adaptadas aos distintos niveis educativos. No mes de xaneiro, desenvolveranse

sesións formativas presenciais en todos os centros e tamén se convocará un concurso de carteis para a promoción da reciclaxe. Realizarse un seguimento para extraer todo o potencial pedagóxico do programa, e, cara o mes de maio, levarase a cabo caracterizacións dos residuos depositados en cada un dos contedores que conforman as illas para comprobar o grao de acerto ou erro na clasificación dos refugallos. Finalizado o curso académico, os colexios e institutos deben subir, á plataforma informática do Plan Proxecta, unha memoria de actividades que será avaliada pola Consellería de Educación e Sogama.

[⊗ Volver á portada](#)

18



Actualidade



Novas adhesións e usuarios ao programa de compostaxe doméstica

O éxito do programa de compostaxe doméstica de Sogama propicia que máis municipios se sumen a esta iniciativa e se amplíe a novas vivendas nos que xa está instaurado.



O [programa de compostaxe doméstica](#) impulsado por Sogama está a chegar a máis fogares grazas á integración de máis concellos e á dotación de novo material naqueles municipios onde se está a expandir a iniciativa. Oroso e Vilalba incorporáronse recentemente, con 85 e 50 composteiros respectivamente,

para distribuir noutras tantas vivendas unifamiliares. Pola súa banda, o éxito do programa en concellos que xa levan tempo adheridos está a provocar un efecto chamada entre a veciñanza, polo que se levou a cabo unha ampliación coa entrega de novos composteiros. Tal foi o caso do concello de Arbo, que

recibiu 25, e Salvaterra, coa achega de 30 unidades. No municipio coruñés de A Laracha, un dos máis veteranos no programa, fixose o reparto de 50 novos composteiros. Mentre, a mancomunidade de Verín ampliou a súa capacidade con 90 unidades e a mancomunidade de Celanova, con 250.

[⊗ Volver á portada](#)





Multimedia

Coñecer máis sobre o contedor marrón

Sogama vén de presentar un novo recurso interactivo dirixido ao alumnado de terceiro ciclo de primaria, co obxectivo de dar a coñecer o uso do contedor marrón. A través desta innovadora ferramenta, os nenos e nenas poderán descubrir que tipos de residuos orgánicos deben depositarse neste contedor, ao mesmo tempo que reforzan os seus coñecementos sobre a reciclaxe en xeral.

 [Acceso directo á web](#)



Cada xesto conta

Con motivo do Día Internacional contra o Cambio Climático, que se celebrou o 24 de outubro, Sogama lanzou un vídeo para sensibilizar sobre a importancia da responsabilidade individual na loita contra o impacto ambiental e na protección do planeta. Un planeta máis limpo está nas nosas mans!

 [Ver o vídeo](#)



Aire puro para a nosa saúde

Reducir as emisións e fomentar unha mobilidade sostenible son pasos clave para construír un futuro máis saudable. Con esta mensaxe, Sogama quixo destacar a importancia destas accións no Día Internacional do Aire Limpo por un Céu Azul, celebrado o pasado 7 de setembro.

 [Ver o vídeo](#)



 [Volver á portada](#)





Eventos

“Grazas ao sistema Sogama, Galicia é unha das comunidades españolas que menos residuos envía a vertedoiro”

O presidente de Sogama, Javier Domínguez, participou o pasado 30 de setembro nunha xornada promovida pola Deputación da Coruña e o Colexio Oficial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros da Administración Local (COSITAL) para analizar o modelo de xestión de residuos establecido pola Lei 7/2022.

Durante a súa intervención, Domínguez salientou o sistema integral de Sogama, que prioriza a recuperación de residuos e minimiza o uso de vertedoiro, situándoo no 21%, fronte ao 50% da media estatal, e isto malia ser a opción máis contaminante na xestión xerarquizada de residuos que promulga a UE. E deu un dato: o vertedoiro emite un 175% máis de



CO2 que as plantas de valorización enerxética. Ademais, defendeu o compromiso de Galicia coa reciclaxe

e a eficiencia, elementos clave para consolidar o modelo de xestión sostenible requerido por Europa.

O Clúster Viratec visita o Complexo de Sogama en Cerceda

O pasado 20 de setembro, máis de 30 empresas do Clúster Galego de Solucións Ambientais e Economía Circular (VIRATEC) visitaron as instalacións de Sogama en Cerceda para coñecer os seus proxectos e explorar sinerxías dirixidas a fomentar unha xestión máis sostenible dos residuos en Galicia.

Durante a visita, o presidente de Sogama, Javier Domínguez, presentou os principais eixos do novo plan estratéxico 2025-2030, centrado na transformación digital, a descarbonización e a reciclaxe avanzada, incluíndo a creación dunha planta específica para a recuperación de residuos téxiles. Tamén destacou iniciativas de I+D+i como o proxecto GRESINT, que incorpora intelixencia artificial á xestión de residuos, e SMMASH, orientado á recuperación de metais contidos nas escouras.



Eventos



Conmemoración da Semana da Seguridade en colaboración con PreZero

Baixo o lema "Para e pensa", Sogama participou na conmemoración da Semana da Seguridade, celebrada en setembro xunto con PreZero, empresa xestora da planta de clasificación de envases lixeiros. A iniciativa tivo como obxectivo reforzar a concienciación sobre a seguridade laboral, fomentando a reflexión antes de realizar cada tarefa para garantir prácticas seguras. Con tal fin, desenvolvérónse diversas actividades, entre as que se incluíron retos presenciais e en liña, colocación de pancartas informativas e distribución de material promocional. A campaña tamén se centrou na avaliación da contorna, na identificación de riscos e na adopción das mellores prácticas co fin de promover a aprendizaxe, a mellora continua, e facilitar un diálogo aberto para potenciar a seguridade no traballo.



Mirta Sueiro participa na presentación da primeira aceleradora ambiental de Galicia

A directora xeral de Sogama, Mirta Sueiro, participou na presentación da Business Factory (BF) ClimaTech, a primeira aceleradora ambiental de Galicia, promovida pola Xunta de Galicia e o Clúster Galego de Soluciones Ambientais e Economía Circular (Viratec), e que tivo lugar o pasado 10 de setembro na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela.

Sogama, como empresa tractora, destacou durante o acto os dous principais retos que asumirá nesta edición: mellorar a separación de residuos en orixe e fomentar a reciclaxe do téxtil procedente da bolsa negra. A directora xeral tamén subliñou a relevancia de converter os residuos en recursos, especialmente no sector téxtil, ofrecendo ás



iniciativas emprendedoras o apoio e a experiencia necesaria para

enfrontar estes retos de maneira eficaz.

[Volver á portada](#)

22



Eventos

Sogama colabora coa Deputación de Ourense para mellorar a xestión de residuos

Sogama e a Deputación de Ourense, en colaboración coa entidade portuguesa Lipor, iniciaron en setembro unha xornada de traballo, na que participou o presidente da entidade, Javier Domínguez, para analizar o sistema de obtención e tratamento de datos da área metropolitana de Porto e explorar a súa adaptación ao rural ourensán. O obxectivo principal é garantir a rastrexabilidade dos residuos, mellorar a súa xestión e incrementar as taxas de reciclaxe, aliñándose cos requisitos das normativas ambientais. Ademais, estudarase a sinatura dun convenio entre as partes para deseñar un sistema de gobernanza de datos máis eficiente, que podería aplicarse a outras zonas de Galicia.



Presentación de SMMASH: proxecto europeo para valorizar escouras da valorización enerxética

O pasado 16 de outubro, a directora xeral de Sogama, Mirta Sueiro, asistiu ao acto de presentación do proxecto europeo SMMASH, que tivo lugar na sede do Centro Tecnolóxico de Investigación Multisectorial (CETIM). Este proxecto busca aproveitar as escouras procedentes da valorización enerxética de residuos non reciclables para a obtención de novos recursos (creación de novos materiais de construcción e recuperación de metais). Cun orzamento de preto de 1 millón de euros e unha duración de 3 anos, SMMASH está liderado por un consorcio formado por CETIM, Sogama, a Universidade de Barcelona e Naturea Medioambiente. Sogama será responsable de avaliar e optimizar o uso de escouras e cinzas, mentres os outros socios traballarán



na recuperación de metais, o desenvolvemento de materiais e as probas para a súa aplicación. O

obxectivo é reducir a extracción de recursos non renovables e mitigar o impacto ambiental.

[Volver á portada](#)





Curiosidades

Cada cidadán europeo xera 32 kg máis de residuos de envases que hai dez anos

Segundo a Oficina Europea de Estatística (Eurostat), en 2022, cada cidadán da UE xerou unha media de 186,5 kg de residuos de envases, o que sumou un total de 83,4 millóns de toneladas, das que se reciclaron o 65%.

No caso dos envases de plástico, a media foi de 36,1 kg por persoa, dos que se reciclaron o 41%, o que supón un aumento dun 3% con respecto á taxa do 38% acadada en 2012.

Bélgica foi o país con maior taxa de reciclaxe de residuos de envases, cun 80%, seguida de Estonia e Países Baixos, ambos cun 73%. Pola contra, as taxas más baixas rexistráronse en Malta (32%), Islandia (42%) e Grecia (43%). En España, a taxa situouse no 65,4%, mantendo a media europea.



Fonte: Eurostat
Imaxe: Pixabay

A OCDE aposta por máis reciclaxe e menos consumo para reducir os residuos plásticos

Segundo un informe da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE), a aplicación de políticas globais que aborden todo o ciclo de vida dos plásticos podería reducir as fugas deste material ao medio ambiente nun 96% para 2040.

O estudo conclúe que a combinación de medidas orientadas a reducir o uso, mellorar a xestión e incrementar o reciclado dos plásticos traería importantes beneficios ambientais e aforros económicos. Nel tamén se expón que, sen políticas enérxicas, a producción de plásticos aumentará un 70%, pasando de 435 millóns de toneladas en 2020 a 736 millóns en 2040.

A OCDE destaca que as políticas centradas no ciclo de vida son más rendibles que aquelas enfocadas só na xestión de



residuos, e estima que, de non realizarse cambios, os custos deste modelo poderían ascender a 2,1 billóns de dólares en vinte anos. As accións propostas pola

entidade para revertir a situación inclúen, entre outras medidas, a aplicación de impostos, o fomento do ecodesño e a prohibición de plásticos de uso único.

Fonte: OCDE
Imaxe: Pexels

⊗ [Volver á portada](#)

24



Curiosidades



Re-Viste, o SCRAP para a xestión de residuos téxtils

A Asociación para a Xestión do Residuo Téxtil e o Calzado, integrada por recoñecidas marcas como Decathlon, El Corte Inglés, H&M, IKEA, Inditex, KIABI, Mango, Primark, Sprinter/JD e Tendam, presentou en Madrid Re-Viste, o novo nome co que operará o Sistema Colectivo de Responsabilidade Ampliada do Produtor (SCRAP).

Durante o evento, tamén se deu a coñecer un proxecto piloto que arrancará en 2025 en seis municipios españoles que representan diferentes contornos: urbanas, rurais e semiurbanas, cunha poboación total de 300.000 habitantes. Esta iniciativa busca desenvolver un sistema eficiente de recollida de residuos téxtils adaptado ás particularidades de cada contexto municipal. Entre as alternativas previstas destanca a instalación de contedores



públicos, puntos limpos municipais e recollidas en espazos privados, como tendas ou colexios. Unha vez recollidos, os materiais serán clasificados: os téxtils reutilizables serán destinados a tendas de segunda man, mentres que os

restantes serán reciclados para darles unha nova vida. Dende a organización destacaron a importancia de crear un sistema sostenible que promova a economía circular e involucre á ciudanía e a actores clave.

Fonte e imaxe: Retema

O sector pesqueiro español recuperará 100 toneladas de redes e aparellos descartados

O proxecto Redes de España, coordinado pola Confederación Española de Pesca (Cepesca) en colaboración Federación Nacional de Confrarías de Pescadores (FNCP) e o Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia (CTAG), prevé recuperar 100 toneladas de redes e aparellos descartados para avanzar cara a un modelo más sostenible e circular no sector pesqueiro. O proxecto busca previr a contaminación, promover a economía circular e cumplir coa Directiva Europea 2019/904 sobre plásticos dun só uso. Para iso, creará unha certificación nacional que garantirá a recollida, transporte, rastrexabilidade e valorización de redes ao final da súa vida útil, fomentando a súa reintrodución no mercado. A iniciativa está financiada polo



programa Pleamar da Fundación Biodiversidad e o Fondo Europeo Marítimo de Pesca e Acuicultura.

Fonte e imaxe: Cepesca

[Volver á portada](#)

25



Curiosidades



A adopción dun Protocolo Global de Circularidade podería aforrar 100.000 millóns de toneladas de materiais en 25 anos

O informe "Global Circularity Protocol for Business" (GCP), elaborado polo Consello Empresarial Mundial para o Desenvolvemento Sostible (WBCSD) e a Rede One Planet, destaca que unha iniciativa global de circularidade podería aforrar ata 120.000 millóns de toneladas de materiais e reducir un 7% as emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) para 2050. O GCP busca acelerar a transición empresarial cara a unha economía circular mediante a medición e mellora da eficiencia de recursos e a circularidade, e ten previsto entregar a primeira versión do protocolo en 2025, no marco da COP30.



Fonte: Residuos Profesional
Imaxe: Pixabay

Cambio climático, segunda temática más buscada en Google

O "cambio climático" é a segunda temática más buscada en Google en España, só por detrás de "buraco negro", segundo revela Searching for Science, un sitio web de Google Trends. Esta plataforma, que abarca máis de 120 temas, analiza as principais preguntas científicas realizadas entre 2004 e 2023 en 41 países europeos, ofrecendo unha ampla visión sobre os temas de maior interese no ámbito científico. En 2022, as procuras sobre clima alcanzaron un máximo histórico, superando á media europea en máis dun 270%, e as relacionadas co cambio climático aumentaron en máis dun 40%. A web tamén revela que Europa é o continente con maior número de procuras sobre ciencia, situando a España no séptimo posto da clasificación de países que lideran esta lista.



Fonte e imaxe: Searching For Science

[Volver á portada](#)

Curiosidades



Unha media de 14 millóns de toneladas de residuos electrónicos son desbotadas anualmente co lixo doméstico

Cada ano, xunto co lixo doméstico, desbótanse 14.000 millóns de kg de residuos electrónicos, o equivalente a 24.000 aviões de pasaxeiros. Por iso, o WEEE Forum insta á reutilización, reparación ou reciclaxe destes dispositivos, e pide que non se mesturen co lixo familiar. Os residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE) que acaban co resto dos desperdicios ao final da súa vida útil representan unha cuarta parte do total xerado, desaproveitando materiais prezados como cobre e ouro, fundamentais para a fabricación destes produtos. Algúns estudos calculan que nos fogares europeos hai unha media de máis de dous móbilens sen usar por familia, e malia que en



2022 recolléronse 3,1 millóns de toneladas de residuos electrónicos,

a súa xeración segue superando a súa reciclaxe.

Fonte: WEE Forum
Imaxe: Pixabay

“Reciclar é o mellor tratamento para o planeta”

SIGRE, en colaboración co sector farmacéutico, lanzou a campaña “Reciclar é o mellor tratamiento para o planeta”, co obxectivo de sensibilizar á ciñudadanía sobre a importancia de depositar os medicamentos caducados ou en mal estado nos Puntos SIGRE das farmacias. Este sinxelo xesto, que xa realizan tres de cada catro fogares en España, non só prevén riscos para a saúde, senón que tamén axuda a evitar a contaminación dos ríos e solos. É por isto que se recomenda revisar de forma regular o botiquín para retirar os medicamentos innecesarios e levalos aos puntos SIGRE, garantindo así un tratamento ambiental adecuado. A campaña tamén fai un chamamento especial á correcta xestión dos antibióticos para previr as resistencias bacterianas.



Fonte e imaxe: SIGRE

[Volver á portada](#)



Curiosidades

A Unión Europea valoriza o 61% dos residuos que xera

Segundo datos de Eurostat, en 2022, a Unión Europea xestionou uns 1.992 millóns de toneladas de residuos, dos que se recuperou o 61,4%, o que supón un aumento do 40,6% respecto a 2004. O 38,6% restante (769 millóns de toneladas) foi eliminado.

A recuperación inclúe reciclaxe, recheo e valorización enerxética (incineración con recuperación de enerxía). A análise por países amosa grandes diferenzas, sendo Italia a que lidera a reciclaxe cun 85,6%, seguida de outros territorios que tamén presentan taxas elevadas, mentres que en algúns Estados como Rumanía ou Bulgaria predominan métodos de eliminación como os vertedoiros.

Fonte: Eurostat

Imaxe: Pexels



Os portos de Marín e Vigo únense ao proxecto Upcycling the Oceans

Os portos de Marín e Vigo sumáronse á iniciativa "Upcycling the Oceans", un proxecto promovido pola Fundación Ecoalf e Ecoembes, que conta co apoio da Xunta de Galicia.

O propósito desta acción é combater a contaminación oceánica, recuperando e dando unha nova utilidade aos residuos recollidos no mar. Segundo os seus promotores, Galicia é unha das comunidades más activas neste proxecto, con 8 portos participantes e máis de 400 pescadores implicados. En 2023, grazas á colaboración de máis de cen barcos, recuperáronse 431 kg de lixo mariño, contribuíndo deste xeito, á protección do medio ambiente e á preservación dos ecosistemas mariños.



Fonte e imaxe: Ecoembes

[Volver á portada](#)

Curiosidades

Corea do Sur acollerá o Día Mundial do Medio Ambiente 2025

A provincia de Jeju, na República de Corea, foi elixida para ser a sede do Día Mundial do Medio Ambiente en 2025. Esta decisión foi anunciada recentemente polo Ministerio de Medio Ambiente da República de Corea e o Programa das Nacións Unidas para o Medio Ambiente (PNUMA).

O evento, que se celebra cada 5 de xuño desde 1973, centrará a súa atención no desafío global que supón a loita contra a contaminación. Jeju, famosa polas súas marabillas naturais, lidera os esforzos políticos en Corea para combater a contaminación plástica e fixou como obxectivo ser libre de plásticos para 2040.



Fonte: ONU Medio Ambiente
Imaxe: Pixabay

Foro de expertos en Ecodeseño

A Comisión Europea (CE) crea un Foro de Ecodeseño, composto por un grupo de profesionais que traballarán para fomentar a inclusión de produtos sostibles no Mercado Único da UE e apoiar a implementación do Regulamento sobre Ecodeseño para Produtos Sustentables (ESPR). Este marco definirá requisitos obligatorios sobre rendemento e información dos produtos. O Foro reunirá a expertos de diversos sectores, incluíndo representantes dos Estados membros, da industria, da sociedade civil e do ámbito académico, e ofrecerá asesoramiento sobre o desenvolvemento de criterios de ecodesign e a planificación das accións do ESPR, que establecerán os produtos e medidas a tratar en cada período.



Fonte: Fiancialfood
Imaxe: Pixabay

[⊗ Volver á portada](#)





Receitario

Saudable e apetecible

A pescada pertence aos pescados brancos e, ademais de ter un baixo contido en graxa, é unha excelente fonte de minerais esenciais para o correcto funcionamento do organismo. Se a combinamos con pementos, ricos en substancias antioxidantes, o prato non só será saudable, senón tamén delicioso!

Esta receita está extraída do libro "[Sabroso reciclaje](#)", editado polo Penal de Monterroso. Recorda consultalo para aproveitar os excedentes cos que moitas veces non sabemos que facer. Anímate a compartir as túas re-creacións culinarias etiquetándonos en [Instagram](#), [Facebook](#), [Twitter](#) e [Linkedin](#)!

Toro de pescada con pementos caramelizados



Ingredientes reciclados

- Pescado
- Pataca
- Tomate
- Leituga



Outros ingredientes

- Leite
- Fariña
- Manteiga



Elaboración:

1. Limpamos a pescada, sacamos a espiña, cortamos e aplastamos a pataca.
2. Despois de lavar e aproveitar os pementos bos, cortamos a leituga e o tomate.
3. Facemos a bechamel coa leite, fariña e manteiga, nas mesmas proporcións.
4. De seguido procedemos a montar o plato.

[Volver á portada](#)

